

Actividades 2009

INVESTIGACIÓNS E ESTUDOS PROPIOS DE ALGA: - 2008-09: PARXE. PARXE. O acrónimo do proxecto "participación das mulleres en postos de responsabilidade e na toma de decisións na esfera pública e no asociacionismo do país. Avaliación da situación e perspectivas de cambio para a igualdade". Foi desenvolvido por investigadoras da Comisión de Estudos Xénero de ALGA. Pode obter máis información sobre o mesmo premendo aquí. INVESTIGACIÓNS E ESTUDOS NOS QUE ALGA PARTICIPA: - 2008-2011: AFGAL. ALGA. Colaboradora oficial do proxecto de I+D+i con código 08SEC025167PR. "Análise aplicada da inmigración africana en Galicia. Avaliación e propostas para o deseño de políticas de intervención, integración e desenvolvemento". Foi executado por investigadores da UDC e ALGA con financiamento da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Pode obter máis información sobre o mesmo premendo aquí.

PROXECTOS CULTURAIS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO DE ALGA: - 2009-10: BOLBORETA. Consiste na tradución ao tetun (lingua co-oficial de Timor Leste) da obra do escritor galego Manuel Rivas "A Lingua das bolboretas". A edición é bilingüe (portugués e tetun) e incorpora as ilustracións feitas por Migelaxo Prado, coa finalidade de utilizar o texto como material curricular nas escolas de Timor-Leste. O proxecto Bolboreta é unha iniciativa da Comisión para o Intercambio Cultural de ALGA, desenvolvida por investigadores da Universidade da Coruña (UDC) membros de ALGA, en colaboración co Instituto Nacional de Lingüística (INL) de Timor Leste e coa Universidade Nacional de Timor Lorosaé (UNTL), con financiamento da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, da Delegación da Unión Europea en Timor-Leste e de ALGA. Pode obter máis información sobre o mesmo premendo aquí. INVESTIGACIÓNS E ESTUDOS NOS QUE ALGA PARTICIPA: - 2009: TODED. O proxecto TODED, "Análise dos procesos de toma de decisións no ámbito doméstico. Avaliación dos niveis de empoderamento das mulleres e Timor", foi desenvolvido por investigadores de ALGA en parcería coa UNTL (Universidade Nacional de Timor Leste), co financiamento da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Pode obter máis información sobre o mesmo premendo aquí. REUNIÓNS CIENTÍFICAS NAS QUE ALGA É ORGANIZADORA - Café-Obradoiro de debate: "Xénero, participación e toma de decisións asociacionismo galego e nas ONGD" Data: 12 de maio de 2009. Lugar: A Coruña. Facultade de Socioloxía da UDC. Organizado por: ALGA. Financiado por: ALGA e UDC.

- Simposio Multidisciplinario "Muller, participación e igualdade: universidade, política local e movemento asociativo" Data: A Coruña, 13-14 de maio de 2009. Lugar: A Coruña. Facultade de Socioloxía da UDC. Organizado por: ALGA e UDC. Financiado por: Servizos Sociais da Deputación da Coruña e Vicerreitoría de Investigación da UDC.

- Congreso Internacional "Turismo comunitario e desenvolvemento" Data: 23 e 24 de agosto de 2009. Lugar: Dili, Timor-Leste. Organizado por: Haburas Foundation e ALGA. Financiado por: Ministerio de Turismo de Timor Leste e Timor Telecom.

Â